-. Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

-. Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.

-. Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día

seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza. No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza. Os ditos prazos poderán prorrogarse a solicitude do titular da licenza sempre e cando a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado. No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.

- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Unha vez rematadas as obras deberá presentar a correspondente comunicación previa de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 146.1. f) e g) da Lei 2/2016, do solo de Galicia).

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO) provisional: 3.390,00 euros.
 - Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 520,76 euros.
- Total: 3.910,76 euros.

e) Deuse conta dunha instancia presentada por José Fernando Barros Fornos, que di actuar en representación do ARCEBISPADO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, solicitando licenza para obras de rehabilitación da Igrexa de San Fins de Brión, emprazada no lugar da Igrexa (parroquia de Brión), consonte co proxecto básico e de execución asinado pola arquitecta técnica Paula Luna Lago, visado polo Colexio Oficial da Arquitectura Técnica da Coruña en data 29.10.2025.

A edificación (referencia catastral 5867302NH2456N0001QB) sitúase nun ámbito clasificado como solo de núcleo rural, incluída baixo a cualificación de equipamento relixioso e integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM coa clave identificativa BR1-BR2-BE16.

A Xunta de Goberno Local, á vista da resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 25.09.2025 (Expediente: XTC-2025-1807.AUI) e dos informes favorables emitidos polo arquitecto municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra axustarase estritamente ao proxecto básico e de execución asinado pola arquitecta técnica Paula Luna Lago, visado polo Colexio Oficial da Arquitectura Técnica da Coruña en data 29.10.2025.
- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están

obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

-. Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.

-. Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145.2 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza. No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza. Os ditos prazos poderán prorrogarse a solicitude do titular da licenza sempre e cando a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado. No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.

-. Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

-. Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

-. Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO) provisional: 535,89 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 335,35 euros.

Total: 871,24 euros.

SÉTIMO.- PRÓRROGA DE COMUNICACIÓN PREVIA OBRAS.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Verónica Rodríguez Casal, que di actuar en representación da COMUNIDADE DE PROPIETARIOS BALNEARIO DO TREMO BLOQUE C, na que solicita prórroga para o remate das obras de rehabilitación de fachadas e cuberta para mellorar as condicións de eficiencia enerxética do edificio de vivendas situado na Urbanización Balneario do Tremo, bloque C, portais nº. 9, 10, 11 e 12, autorizadas pola Xunta de Goberno Local do 11.02.2025.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido polo arquitecto municipal, acorda por unanimidade:

1º) Conceder unha prórroga de 6 meses para o remate das obras, contados desde o día seguinte ao da notificación deste acordo.

2º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e efectos.

OITAVO.- CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por ABEL HERMIDA RODRÍGUEZ, na que solicita o cambio de titularidade da licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar no lugar de O Enxo, segundo proxecto básico que presenta confeccionado polo Estudio de Arquitectos Cid Ribadulla, outorgada pola Xunta de Goberno Local en sesión do día 19 de setembro de 2006 a nome de DIANA PATRICIA GARCÍA DAPENA, e poñela ao seu nome.

A Xunta de Goberno Local, á vista da documentación achegada e do informe emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar o cambio de titularidade da licenza de obra solicitada, concedida por acordo da Xunta de Goberno Local do 19.09.2006, poñendo como titular da licenza de obra no lugar de O Enxo nº 9 a ABEL HERMIDA RODRÍGUEZ, que queda subrogado en todos os dereitos e obrigas derivados deste expediente.

2º) Notificar este acordo ó interesado para o seu coñecemento e efectos.

NOVENO.- LICENZA DE VAO PERMANENTE.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Mónica Piñeiro Gómez, que di actuar en representación da COMUNIDADE DE PROPIETARIOS RESIDENCIAL A SENRA, na que solicita

o cambio de localización do vao permanente actualmente situado no garaxe do edificio de vivendas sito na Rúa da Senra nº 20, Alqueidón – Os Ánxeles, autorizado pola Xunta de Goberno Local de data 05.08.2025 (nº de licenza 2/2025), propoñendo o seu traslado a entrada dunha parcela sita na Rúa da Senra, que dá acceso a parte traseira dos inmobles.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola policía local en data 14.01.2026, por unanimidade, acorda:

1º) Autorizar o cambio de localización do vao permanente, licenza núm. 2/2025, nos termos establecidos na Ordenanza Xeral Municipal sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Viaria, (BOP nº 151, do 10/08/2010), deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Notificar á interesada este acordo para o seu coñecemento e efectos.

DÉCIMO.- RESOLUCIÓN DE RECURSO DE REPOSICIÓN.

a) Deuse conta dun recurso de reposición presentado por Noela Insua Chisca que di actuar en representación de JOSÉ MANUEL ABEIJÓN VILAS, contra acto administrativo de trámite da alcaldía de xuño de 2025 (r.s. 202500000001120), polo que se lle dá traslado de informe da arquitecta municipal de requirimento de documentación.

Visto o informe de asesor xurídico urbanístico do concello de data 16.12.2025, que transcrito di:

En relación co escrito presentado en data 22.07.2025 pola arquitecta dona Noela Insua Chisca en representación de Don José Manuel Abeijón Vilas para a consolidación e conservación dunha edificación tradicional no lugar de Brans de Arriba (polígono 26, parcela 104) no Concello de Brión, emítese o seguinte INFORME:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO.

1.- En data 9 de decembro de 2024, don José Manuel Abeijón Vilas presenta solicitude de licenza de obra para a reconstrución e consolidación dunha edificación con destino a vivenda unifamiliar con arranxo ao proxecto básico e de execución asinado pola arquitecta dona Noela Insua Chisca, visado en data 09.12.2024.

2.- En data 13 de marzo de 2025 os servizos técnicos municipais requiren ao interesado para que proceda á emenda dunha serie de deficiencias advertidas na solicitude.

3.- En data 8 de abril de 2025, a fin de atender ás deficiencias advertidas o interesado presenta a documentación técnica na que pon de manifesto o seguinte:

i.- “Aclarar que el título de proyecto y el objeto de la licencia es la formación de cubierta y la consolidación de muros de mampostería de fachada. La rehabilitación de la edificación se solicitará en un trámite futuro”.

ii.- “Superficies: Superficie en núcleo rural: 182 m2; Superficie en suelo rústico: 200 m2; Total: 382 m2

Fecha de la edificación: Segundo el estado de conservación y el sistema constructivo de la misma, se estima que es una vivienda tradicional anterior al 1975.

Finalidad de la actuación: Formación de cubierta y consolidación de muros exteriores. No se pretende rehabilitar la edificación íntegramente.

El estado de conservación de la edificación es precario, por lo que el propósito principal es la consolidación de muros y formación de cubierta, intervenciones necesarias para estabilizar la estructura y garantizar su conservación” o que xustifica ao amparo do art. 135 da LSG.

iii.- “Cesión: No se pretende rehabilitar la edificación en esta fase, sino simplemente consolidarla. Por lo tanto, las cesiones correspondientes deberán realizarse cuando se presente el proyecto completo de rehabilitación, que abordará las intervenciones necesarias para la recuperación integral del inmueble”.

iv.- “La parcela cuenta con acceso desde la parte sur de la misma, a través de una parcela de la misma propiedad y, por su parte norte a través de un camino existente”.

v.- “Se trata de un proyecto de consolidación de muros y formación de cubierta, no de rehabilitación integral”.

vi.- “Se trata de un proyecto de consolidación de muros y formación de cubierta. Se justifica el art. 40 porque se sube la cubierta unos centímetros respecto a la línea existente de cornisa, para regularizarla”.

vii.- “Se indica en plano de emplazamiento los servicios urbanísticos en el camino sur”.

viii.- “Se pedirá licencia de agrupación antes de solicitar licencia de rehabilitación”.

En data 03 de xuño de 2025, termínase por presentar a agrupación das parcelas segundo a certificación de agrupación elaborada polo enxeñeiro técnico agrícola don Juan Manuel Hermida Vázquez.

ix.- Achégase oficio de dirección de execución material asinado por técnico competente e noméase coordinador de seguridade e saúde.

4.- En data 12 de xuño de 2025, os servizos técnicos municipais emiten novo informe no que en síntese advirten as seguintes deficiencias: “Dado que as obras solicitadas superan as obras de mera conservación deberá presentar a documentación correcta para a rehabilitación do inmovible o solicitar a declaración de ruína”.

5.- Notificado o anterior informe técnico, en data 22 de xullo de 2025 dona Noela Insua Chisca, arquitecta, actuando en nome e representación de Don José Manuel Abeijón Vilas, presenta en nome do interesado un escrito de alegacións no que remata por solicitar o seguinte:

“A efectos de clarificar el tratamiento legal que corresponde a las actuaciones previstas en el expediente 2024/U022/000032, solicito la emisión de un informe jurídico que determine:

- Si las actuaciones previstas pueden considerarse obras de conservación, al amparo del deber de conservación recogido en el artículo 135 de la Ley del Suelo de Galicia.
- Si resulta jurídicamente procedente su tramitación como actuación parcial previa a una rehabilitación integral futura, sin que sea exigible en esta fase la presentación de un proyecto de rehabilitación completo.
- Si es viable conceder licencia urbanística para la ejecución de esta fase de intervención de consolidación, con base en la documentación ya presentada y debidamente subsanada.
- Y, en su caso, cualquier otra cuestión de relevancia que se considere oportuna valorar en relación a la documentación obrante en el expediente”.

III.- INFORME:

1.- A primeira cuestión á que se debe facer referencia é formal atinxe á natureza do escrito presentado en data 22 de xullo de 2025, xa que, aínda que se presenta como un mero escrito de alegacións en resposta ao requirimento municipal de data 12.06.2025, en realidade merece o tratamento de recurso de reposición fronte a dito requirimento, que se debe considerar como un acto de trámite dos denominados cualificados (cfr. art. 112 da LPACAP), xa que impide a continuación do procedemento de concesión de licenza, na medida en que denega a solicitude de conservación e consolidación da edificación, que é o obxecto do proxecto presentado polo interesado, e no seu lugar o require para que presente un proxecto de rehabilitación integral do inmovible.

Ao mesmo tempo, e conforme ao art 115 da Lei 39/15, “o erro ou a ausencia da cualificación do recurso por parte do recorrente non será obstáculo para a súa tramitación, sempre que se deduza o seu verdadeiro carácter”.

E, por outra banda, ao non térselle ofrecido a posibilidade de interpoñer recurso contra dito requirimento, a súa notificación debe entenderse como defectuosa, conforme ao art 40.3 da Lei 39/2015, polo que produce efecto “a partir da data en que o interesado realice actuacións que supoñan o coñecemento do contido e alcance da resolución ou acto obxecto da notificación, ou interpoña calquera recurso que proceda”, como acontece neste caso.

Polo tanto, en suma, dito escrito debe entenderse como un auténtico recurso de reposición, que se debe admitir a trámite xa que se presenta por persoa lexitimada, contra un acto susceptible de recurso, en prazo e fronte ao órgano competente para a súa resolución.

2.- Sobre o obxecto da solicitude de intervención no inmovible pretendida polo interesado.

A segunda cuestión que se debe resolver é identificar claramente e centrar o obxecto da pretensión do interesado, xa que o verdadeiramente relevante á hora de resolver unha solicitude para a concesión dun título habilitante é a concreción da obra a executar, porque en función desta aplicárase un réxime ou outro, ou esixíranse unhas condicións urbanísticas ou outras.

Neste senso, e segundo se evidencia sobre todo a partires da derradeira documentación presentada pola arquitecta, as obras para as que se solicita a licenza refírense a (literalmente) “un proxecto de consolidación de muros y formación de cubierta, no de rehabilitación integral”.

As obras a executar concréntanse no punto 1.5 do “anexo ao proxecto” onde se sinala que (o resaltado en negriña é propio) *“La actuación tiene por objeto garantizar la estabilidad estructural de la edificación, evitando que el proceso de deterioro desemboque en una situación de ruina. En esta fase no se contempla un uso efectivo del inmueble ni su habitabilidad inmediata, ya que estos aspectos quedarán definidos en una fase posterior mediante un proyecto completo de rehabilitación integral. **Las actuaciones previstas consisten en la reconstrucción de la cubierta mediante una estructura portante de vigas, aislamiento tipo Thermochip, placas de fibrocemento y acabado final con teja curva del país. Esta cubierta se construirá unos centímetros más elevada que la original, manteniéndose dentro de los límites establecidos. Asimismo, se procederá a la consolidación de los muros de piedra existentes mediante cosido estructural con grapas metálicas, y reposición puntual de sillares deteriorados utilizando piedra granítica de características similares. En su conjunto, esta intervención se concibe como la mínima necesaria para garantizar la conservación estructural y facilitar posibles actuaciones futuras de rehabilitación más amplia.**”*

Con independencia da consideración urbanística que teñan estas obras, parece claro que únicamente se prevé a construción dunha cuberta e a consolidación dos muros existentes, e que dita intervención tan só constitúe unha primeira parte do que xa se anuncia que será unha futura rehabilitación dunha vivenda unifamiliar, da que a consolidación estrutural constitúe unha primeira parte.

Polo tanto, as obras a considerar aos efectos da presente solicitude son únicamente as descritas na documentación técnica, isto é, as que se refiren á cuberta e aos muros de carga da edificación existente, sen que, polo tanto, se poida considerar que o obxecto de proxecto sexa, de momento, a rehabilitación dunha vivenda, aínda que en última instancia este será o uso definitivo.

3.- Sobre a resposta que merece o proxecto presentado.

Partindo destas consideracións xa se pode dar resposta á cuestión que se refire a si se pode tramitar e resolver a solicitude como unha actuación de intervención parcial nunha edificación existente, tendente de momento únicamente á súa consolidación estrutural, previa á rehabilitación íntegra futura que dotaría á edificación do uso residencial definitivo.

E dado que as obras previstas no proxecto e obxecto de solicitude refírense (basicamente) á execución dunha cuberta e a consolidación duns muros nunha edificación existente, que teñen unha razón de ser con carácter independente do uso que nun futuro se pretenda dar á edificación, que se xustifican como obras destinadas a conservar a edificación existente evitando unha máis que probable ruína total desta, e que por máis que o uso final pretendido sexa o residencial, neste intre non existe impedimento ningún para autorizar esa intervención parcial que se pretende, xa que se trata de obras perfectamente definidas que teñen unha razón de ser por si mesmas.

4.- Partindo desta consideración, a documentación técnica que o interesado deberá presentar será exclusivamente aquela que xustifique a execución das obras pretendidas, sen que sexa necesario, en consecuencia, que presente un proxecto de “rehabilitación completo”, entendo por este o que conteña as obras para a execución da vivenda completa.

Por este motivo se entende que non resulta procedente esixir ao interesado que presente a “documentación correcta para a rehabilitación do inmovible ou solicitar a declaración de ruína”.

5.- Respecto de si as obras a executar se poden considerar como obras de conservación ás que se refire o art. 135 da LSG, débese sinalar que nada impide que se consideren como tales, máxime se se ten en conta o mal estado da edificación sobre a que se pretende actuar, que a duras penas conserva os muros de pedra das fachadas, non conta con cuberta ningunha e non ten uso ningún, polo que se entende perfectamente que as obras pretendidas se denominen de

conservación sobre todo cando o que se pretende en última instancia sexa manter a edificación e impedir a súa total ruína, co fin de destinala no futuro, previa obtención da correspondente licenza para a súa rehabilitación integral, ao uso residencial.

Por tanto, aínda que as obras pretendidas poidan encadrarse dentro das obras de conservación ás que ven obrigado todo propietario polo mero feito de selo (que é ao que se refire o art. 135 da LSG) o certo é que o que se está solicitando é o primeiro paso dunha futura rehabilitación (reconstrución, segundo a denominación da arquitecta autora do proxecto) aínda que polo de agora non sexa integral, que supón unha reforma do construído, tendo en conta a definición de "obras de reforma" que ofrece o Regulamento da Lei do Solo de Galicia, entendendo por estas aquelas intervencións que, podendo realizarse dentro ou fora da edificación, supoñen a substitución o transformación de materiais, elementos ou partes dos mesmos, alterando ou non a súa estrutura e volumetría.

A intervención proposta, como xa se dixo anteriormente, (vólvese a citar textualmente) suporá *"la reconstrucción de la cubierta mediante una estructura portante de vigas, aislamiento tipo Thermochip, placas de fibrocemento y acabado final con teja curva del país. Esta cubierta se construirá unos centímetros más elevada que la original, manteniéndose dentro de los límites establecidos"* polo que, evidentemente, supón que se trate dunha auténtica reforma que, ademais, responde á necesidade de conservar a edificación existente.

Polo tanto, non cabe dúbida de que estas obras dotarán á edificación de novos elementos que alterarán a súa volumetría e estrutura, o que supón que se trate dunha auténtica reforma, pero iso si, limitada ás obras solicitadas. Por isto a existencia dun Proxecto técnico está máis que xustificada (cfr. art. 2.2 da Lei de Ordenación da edificación) e, en consecuencia, a necesidade de someter a actuación ao control urbanístico previo mediante a concesión da licenza (cfr. art. 142 LSG).

6.- Sobre a procedencia da concesión da licenza urbanística interesada.

Partindo das anteriores consideracións, debe analizarse entón si concurren os necesarios requisitos para que se poida conceder a licenza solicitada.

Sinalan os servizos técnicos municipais que a parcela na que se atopa a edificación en realidade é o resultado da agrupación das parcelas catastrais 15013A026001070001IM, 15013A026001070000UX, 15013A026001080000UI, 15013A026001090000UJ, 15013A026001040000UK, 15013A026001050000UR e 15013A026006820000UK, todo iso segundo a certificación de agrupación asinada polo enxeñeiro técnico agrícola Juan M. Hermida Vázquez.

Non consta escritura pública de agrupación polo que, no seu caso, se deberá condicionar a concesión da licenza ao seu outorgamento.

Respecto da clasificación urbanística da parcela, a técnica sinala que parte do solo se atopa clasificado segundo o PXOM de Brión como solo de núcleo rural, ao que lle resulta de aplicación a Ordenanza núm. 8 reguladora do NRL-1, e parte como solo rústico de protección forestal, ao que lle resulta de aplicación o disposto na LSG para dito solo (cfr. DT1 apartado 2 c) e d).

Asemade, débese ter en conta que a edificación ten carácter tradicional de acordo co art. 40 da LSG xa que é anterior ao 1975, de tal xeito que non é preciso cumprir cos parámetros urbanísticos de aplicación salvo o límite de altura, permitíndose incluso e por razóns xustificadas a súa ampliación, mesmo en volume independente, sempre e cando non se supere o 50% do volume orixinario da edificación tradicional. Ademais permítese o cambio de uso ao residencial, terciario ou produtivo, turístico ou artesanal, pequeno taller ou equipamento, con independencia de que a edificación se atope en solo de núcleo ou rústico.

O feito de que se trate dunha edificación de carácter tradicional, tal e como se infire do “Informe sobre edificacións existentes de carácter tradicional. Parámetros urbanísticos mínimos esixibles (Concello de San Sadurniño – Expediente XCP-23/052)” emitido pola Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Xunta de Galicia de data 05.10.2023, supón que “a reforma, rehabilitación e reconstrución e a ampliación, mesmo en volume independente, das edificacións existentes de carácter tradicional unicamente require o cumprimento dos límites de altura, volume e mantemento das características esenciais do edificio, do lugar e da súa tipoloxía orixinaria previstos no artigo 40, sen que sexa necesario dispoñer ou garantir o acceso rodado de uso público esixido polos artigos 24.5 e 39.a) da LSG”.

Tal e como se desprende da documentación técnica aportada, a edificación atópase asentada parte en solo rústico e parte en solo de núcleo, circunstancia que, no caso que nos ocupa, non afecta á dispensa da obriga de dispor ou garantir o acceso rodado de uso público ao que se refiren os art. 24.5 no caso de NR e 39.a) no caso de solo rústico, xa que dita dispensa existe tanto para unha clase de solo como para a outra. Por tal motivo, para a concesión da licenza que se pretende non se pode esixir dispor dun acceso rodado, circunstancia que compre clarexar porque, sen embargo, tal extremo se estaba a esixir nos informes técnicos municipais.

Do mesmo xeito, a condición de edificación tradicional do art. 40 da obra que nos ocupa, que determina un réxime excepcional ao previsto para calquera outra que se pretenda nun solo rústico ou de núcleo, impide que se poida esixir as previsión dos art. 23 e ss. da Lei 2/2016 para o solo de núcleo rural e as do art. 39 da mesma Lei para o rústico.

Así se recoñece no antedito informe da Xunta Consultiva cando se di na súa conclusión primeira que “as artigos 40 da LSG e 63 do RLSCG contemplan un réxime de carácter excepcional para as edificacións existentes de carácter tradicional, que difire do réxime xeral previsto para as novas edificacións en solo rústico no artigo 39 da LSG e nos artigos 23 e seguintes da mesma norma para o solo de núcleo rural”.

Por tal motivo, nada se pode esixir respecto da obriga de cesión ou da de conexión aos servizos existentes no núcleo.

Por outra banda, en canto ao uso da edificación, enténdese que se trata de obras de conservación dunha edificación tradicional para implantar un pretendido uso residencial que estaría autorizado precisamente por tratarse dunha edificación tradicional do art. 40 da LSG. Mesmo de terminar por implantarse un uso distinto ao anunciado, ditas obras deben entenderse permitidas, sempre que se destine a un dos usos previstos no devandito art. 40, xa que igualmente se estaría a garantir a implantación do uso futuro.

Todo iso ben entendido que a actuación tendente á conservación e reforma da edificación tan só ten por obxecto a execución das obras destinadas a conservar a edificación nunhas condicións mínimas para evitar a súa total ruína, polo uso definitivo, ben sexa residencial ou calquera outro distinto dos permitidos polo art. 40 LSG, precisará da obtención dun novo título habilitante, sen que se poida desenvolver na edificación actividade ningunha mentres non conte con este título que ampare o uso definitivo, baixo o apercibimento da adopción das medidas oportunas en caso de que se destine a edificación a un determinado uso sen o preceptivo título habilitante.

Finalmente, no que atinxe a adecuación das obras á normativa urbanística e técnica, que é propiamente o obxecto do informe técnico municipal, debe terse en conta que non existe ningún requirimento municipal dirixido á emenda dalgunha deficiencia técnica do proxecto, ou que refira algún incumprimento das previsións do art. 40 da LSG, polo que necesariamente se debe entender que as obras pretendidas cumpren cos parámetros deste artigo e o proxecto da cumprimento á normativa técnica aplicable.

8.- Por todo isto, infórmase favorablemente o recurso de reposición interposto por Dona Noela Insua Chisca, en nome de Don José Manuel Abeijón Vilas, contra o requirimento de 12 de

xuño de 2025 no que se esixía a presentación de proxecto completo para a rehabilitación do inmovble e, dado que nos aspectos que son obxecto da solicitude o proxecto cumpre acaidamente coa normativa urbanística e técnica de aplicación, procede a concesión da licenza municipal interesada para a execución das obras de consolidación de muros e instalación dunha cuberta na edificación de carácter tradicional sita no lugar de Brans de Arriba (polígono 26, parcela 104) no Concello de Brión.

Por todo o anteriormente sinalado, PROPONSE:

1.- ESTIMAR o recurso de reposición presentado en data 22.07.2025 por Dona Noela Chisca Insua en nome e representación de Don José Manuel Abeijón Vilas, contra o requirimento de subsanación efectuado polos servizos técnicos municipais, deixándoo sen efecto.

2.- CONCEDER, sen prexuízo de terceiros e salvando o dereito de propiedade, a licenza municipal de obras interesada por Don José Manuel Abeijón Vilas para a execución das obras de consolidación de muros e instalación de cuberta para consolidación e conservación de edificación carácter tradicional sita no lugar de Brans de Arriba (polígono 26, parcela 104) no Concello de Brión, con arranxo ao Proxecto redactado pola arquitecta dona Noela Insua Chisca, visado en data 09.12.2024, e súa documentación que o completa, condicionada á agrupación das parcelas sobre as que se asenta a edificación, identificadas coas referencias catastrais 15013A026001070001IM, 15013A026001070000UX, 15013A026001080000UI, 15013A026001090000UJ, 15013A026001040000UK, 15013A026001050000UR e 15013A026006820000UK.

3.- ADVERTIR ao petionario da licenza que a obra deberá executarse de conformidade co proxecto presentado, limitándose á mera conservación e consolidación da edificación, e que para dar calquera uso á mesma dos previstos no art. 40 da Lei 2/2016, haberá de presentar o correspondente proxecto técnico e obter a necesaria licenza municipal de obras e, no seu caso, o título habilitante que lexitime a actividade que se pretenda desolver.

4.- Na execución das obras disporase xunto a obra de copias autorizada de la licenza municipal e colocarse un cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras da persoa contratista, usos aos que se van a destinar a construción, data de expedición da licenza, prazo da execución das obras e número de plantas autorizadas e número de expediente.

5.- En canto á licenza de obras deberá recoller as condicións sinaladas no artigo 357.4 do Regulamento da Lei do Solo:

a) Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: solo de núcleo rural e rústico

b) Finalidade da actuación e uso ao que se destinará: reforma dunha edificación tradicional para conserva-la e impedir a súa ruína

c) Orzamento de execución material: 8.000€, sen prexuízo do custo real das obras que poida ser recalculado polos servizos técnicos municipais

d) Altura, volumes e ocupación de parcela permitidos: edificación tradicional do art. 40 da LSG

e) Situación e emprazamento das obras, coa súa identificación catastral o coordenadas UTM, así como o número de finca rexistral, de encontrarse inscrita: Lugar de Brans de Arriba (polígono 26, parcela 104) no Concello de Brión

f) Nome o razón social de la persoa promotora: José Manuel Abeijón Vilas

g) Técnico autor do proxecto e, no seu caso, dirección facultativa das obras e técnico coordinador de seguridade y saúde:

- Técnico autor do Proxecto da obra: Noela Insua Chisca (arquitecto técnico)
- Dirección da execución de obra: oficio aportado no expediente
- Técnico coordinador de seguridade e saúde: oficio aportado no expediente

h) Prazos para o inicio e final das obras e posibilidade de solicitar prórrogas:

- Inicio: 6 meses
- Terminación: 3 anos
- Interrupción: 6 meses
- Posibles prórrogas: O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza fose conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.

6.- NOTIFICAR o acordo aos interesados con expresión dos recursos pertinentes.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe emitido polo asesor xurídico urbanístico do concello, por unanimidade, acorda:

1º) ESTIMAR o recurso de reposición presentado en data 22.07.2025 por Dona Noela Chisca Insua en nome e representación de Don José Manuel Abeijón Vilas, contra o requirimento de subsanación efectuado polos servizos técnicos municipais, deixándoo sen efecto.

2º) CONCEDER, sen prexuízo de terceiros e salvando o dereito de propiedade, a licenza municipal de obras interesada por Don José Manuel Abeijón Vilas, para a execución das obras de consolidación de muros e instalación de cuberta para consolidación e conservación de edificación carácter tradicional sita no lugar de Brans de Arriba (polígono 26, parcela 104) no Concello de Brión, con arranxo ao Proxecto redactado pola arquitecta dona Noela Insua Chisca, visado en data 09.12.2024, e súa documentación que o completa, condicionada á agrupación das parcelas sobre as que se asenta a edificación, identificadas coas referencias catastrais 15013A026001070001IM, 15013A026001070000UX, 15013A026001080000UI, 15013A026001090000UJ, 15013A026001040000UK, 15013A026001050000UR e 15013A026006820000UK.

3º) ADVERTIR ao petionario da licenza que a obra deberá executarse de conformidade co proxecto presentado, limitándose á mera conservación e consolidación da edificación, e que para dar calquera uso á mesma dos previstos no art. 40 da Lei 2/2016, haberá de presentar o correspondente proxecto técnico e obter a necesaria licenza municipal de obras e, no seu caso, o título habilitante que lexitime a actividade que se pretenda desenvolver.

- Na execución das obras disporase xunto a obra de copias autorizada de la licenza municipal e colocarse un cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras da persoa contratista, usos aos que se van a destinar a construción, data de expedición da licenza, prazo da execución das obras e número de plantas autorizadas e número de expediente.

- En canto á licenza de obras as condicións sinaladas no artigo 357.4 do Regulamento da Lei do Solo, son:

- a) Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: solo de núcleo rural e rústico.
- b) Finalidade da actuación e uso ao que se destinará: reforma dunha edificación tradicional para conserva-la e impedir a súa ruína.
- c) Orzamento de execución material: 8.000€, sen prexuízo do custo real das obras que poida ser recalculado polos servizos técnicos municipais.

d) Altura, volumes e ocupación de parcela permitidos: edificación tradicional do art. 40 da LSG.

e) Situación e emprazamento das obras, coa súa identificación catastral o coordenadas UTM, así como o número de finca rexistral, de encontrarse inscrita: Lugar de Brans de Arriba (polígono 26, parcela 104) no Concello de Brión.

f) Nome o razón social de la persoa promotora: José Manuel Abeijón Vilas.

g) Técnico autor do proxecto e, no seu caso, dirección facultativa das obras e técnico coordinador de seguridade y saúde:

- Técnico autor do Proxecto da obra: Noela Insua Chisca (arquitecto técnico).
- Dirección da execución de obra: oficio aportado no expediente.
- Técnico coordinador de seguridade e saúde: oficio aportado no expediente.

h) Prazos para o inicio e final das obras e posibilidade de solicitar prórrogas:

- Inicio: 6 meses.
- Terminación: 3 anos.
- Interrupción: 6 meses.
- Posibles prórrogas: O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza fose conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.

4º) APROBAR as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO) provisional: 160,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 96,03 euros.

Total: 256,03 euros.

5º) NOTIFICAR este acordo ao interesado con expresión dos recursos pertinentes.

DÉCIMO PRIMEIRO .- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ningunha.

O señor alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as 14,27 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

Pablo Lago Sanmartín

O secretario

Javier Nieves González